



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/07/2021 9:44:18

SAIDA 11593/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 81/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 18 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia, obtención de copia dos expedientes sancionadores [REDACTED].

A entidade reclamante indicaba que non recibiu reposta á súa solicitude.

**Segundo.** Con data do 9 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude por parte da Consellería foi o 10 de xuño de 2021.

**Terceiro.** Con data do 30 de xuño de 2021 a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia contesta a petición remitindo oficio co que remite comunicación á [REDACTED] da resolución do 25 de xuño de 2021, pola que concede o acceso aos expedientes [REDACTED] mediante un enlace de descarga.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que a Augas de Galicia non resolveu a solicitude dentro do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón que resolveu unha vez que a [REDACTED] tiñe presentada reclamación ante esta Comisión, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha [REDACTED] a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 3.1 da Lei 1/2016 e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

No presente caso, a entidade interesada solicitou á entidade Augas de Galicia o acceso a copia de dous expedientes sancionadores que se inician como consecuencia de escrito de denuncia presentado pola [REDACTED], respecto dunha serie de vivendas construídas no Concello de Moaña, nos que se están a subministrar auga mediante a apertura de pozos de barrena sen autorización administrativa.

A pesar de que a [REDACTED] solicita o acceso á información en base ao establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, non se pode considerar que a información solicitada poda encadrarse dentro do concepto de información ambiental, por canto se solicitou obtención de copia de expedientes sancionadores, polo que se considera que a tramitación da solicitude de acceso á información debe rexerse polo disposto na normativa xeral de Transparencia, esta é a Lei 1/2016 e a Lei 19/2013.

A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo establecido no artigo 27.1 da Lei 1/2016, pero segundo consta na documentación remitida á Comisión, resolveu e notificou á [REDACTED] solicitante con data do 25 de xuño de 2021, mediante a remisión dun link a través do cal se poden descargar os expedientes solicitados. Non lle consta a esta Comisión que a entidade Augas de Galicia abraise período de audiencia a/aos titulares da información de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013.

De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada por motivos formais.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Única:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 18 de maio de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Augas de Galicia, de obtención de copia dos expedientes sancionadores [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.07.22 11:53:02 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**